

**ACTA NÚM. 1 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR CUALIFICADOR PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DO PERSOAL ADSCRITO AO SERVIZO DE LIMPEZA DE MONTES E OUTRAS TAREFAS DE VALORIZACIÓN FORESTAL (APROL RURAL 2019)****Proceso selectivo: 1 CONDUTOR/A**

No centro Sociocultural do auditorio do Concello de Rianxo, ás 09:00 h do día 10/05/2019, reúnese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas para a contratación de 1 condutor adscrito a subvención APROL RURAL 2019 no Concello de Rianxo, segundo as bases aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 441/2019 do día 06/05/2019 e tribunal aprobado pola Resolución da Alcaldía núm. 445/2019 do 08/05/2019 coa seguinte composición:

Presidenta: M<sup>a</sup> José Fungueiriño Tubío, AEDL (I)  
Vocal: Gabriel Bermúdez Piñeiro, capataz municipal (V)  
Vocal: Laura Romero Comojo, administrativa (III)  
Secretaria: Vicenta A. Campaña Martínez, auxiliar administrativa (C2)

A Presidenta declara constituído o Tribunal e dá conta dos antecedentes do proceso:

Primeiro: o día 7 de maio de 2019 preséntase a oferta de emprego corresponde na oficina de emprego de Boiro; ese mesmo día recíbese o resultado da dita oferta.

Segundo: o día 8 de maio de 2019 convócase a todos os integrantes da anterior oferta para a proba teórica o venres 10 de maio de 2019 ás 09:00 horas no Centro Sociocultural Auditorio de Rianxo, tamén se lles da conta da proba práctica que terá lugar ese mesmo día ás 12:00 e da fase de concurso, para a que se solicita acudan coa documentación pertinente á proba teórica.

Terceiro: o tribunal da conta do establecido nas bases ao respecto da fase de oposición e solicita a documentación para a fase de concurso:

A fase de oposición terá carácter eliminatorio e, para superala, será necesario obter cando menos a metade da puntuación máxima prevista nela.

Cuarto: Ás 09:31 h, realízase o control de asistencia á proba escrita e o acceso á sala na que se vai realizar. Unha vez dentro explícaselles ás persoas aspirantes como se vai desenvolver o exame e fanse as aclaracións ao respecto da documentación que se lles presenta. Preséntanse 6 aspirantes.

Ás 09:40 horas iníciase a proba escrita que remata ás 10:00 h, unha vez que xa remataran todas as persoas aspirantes.

O Tribunal reúnese ás 11:00 h para realizar a corrección dos exames e obtéñense os seguintes resultados:

APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN	RESULTADO
ARUFE RIVAS, SANTIAGO	5,31	APTO
CES LAÍÑO, JOSÉ MANUEL	9,5	APTO
GALBÁN GALBÁN, MANUEL	NON PRESENTADO	
LESENDE ALBELA, ALFONSO	6	APTO
NOAL PÉREZ, JOSÉ MARÍA	NON REÚNE REQUISITOS	
OTERO GIL, JOSÉ MARÍA	8,16	APTO
ROMERO ORDÓÑEZ, JOSÉ ENRIQUE	7,38	APTO
VÁZQUEZ MOURIÑO, ADOLFO	9,33	APTO
VICENTE ARCOS, JOSÉ ENRIQUE	NON REÚNE REQUISITOS	

Ao remate da corrección publícase este resultado no mesmo local no que se realizou a proba e indícase que a proba práctica se realizará ás 12:00 h nas inmediacións do mesmo edificio.

Quinto: As 12:00 reúnese novamente o tribunal e iníciase a proba práctica, explícaselle a proba a cada persoa candidata no momento do seu chamamento. Esta fase terá carácter eliminatorio e para superala será preciso acadar cando menos a metade da puntuación total establecida para a proba. As 14:25 remata a proba, da que se acadan os seguintes resultados:

<b>APELIDOS</b>	<b>NOME</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>APTO/NON APTO</b>
ARUFE RIVAS	SANTIAGO	5,00	APTO/A
CES LAÍÑO	JOSÉ MANUEL	7,50	APTO/A
LESENDE ALBELA	ALFONSO	6,00	APTO/A
OTERO GIL	JOSÉ MARÍA	4,50	NON APTO/A
ROMERO ORDÓÑEZ	JOSÉ ENRIQUE	9,00	APTO/A
VÁZQUEZ MOURIÑO	ADOLFO	5,00	APTO/A

Sexto: As persoas aspirantes que superaron tanto a proba teórica como a proba práctica terán que presentarse o luns 13 de maio de 2019 ás 12:30 horas na Sala de Xuntas do Concello de Rianxo para a proba de galego; quedarán exentas desta proba aquelas persoas que acrediten que posúen o Celga 2 ou equivalente debidamente homologado.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 14:30 h, a Presidencia remata a sesión, da que se estende a presente acta, que será asinada pola Secretaria do Tribunal.